



REVERSOS

Santa
COMBa

EDICIÓN



BASES DO I CERTAME LITERARIO RE-VERSOS, RELATOS E VERSOS CONCELLO DE SANTA COMBA

O Concello de Santa Comba convoca o **I Certame Literario Re-Versos, Relatos e Versos**.

NOTA DE INTENCIÓN CULTURAL: O REVERSO DA PALABRA

O *Certame Literario Re-versos, Relatos e Versos*, nace co propósito de fomentar a creación literaria en galego, promovendo a expresión artística e o diálogo interxeracional. A intención, paralelamente, tamén é xustamente a de tender pontes entre as distintas xeracións e sensibilidades, reivindicando a literatura como espazo creativo, de reflexión e memoria colectiva, porque a literatura non é unicamente unha industria cultural e de consumo, é acto de resistencia e espazo de encontro.

Así, dende a Concellería de Cultura de Santa Comba, entendemos o *Certame Literario Re-versos* como un compromiso coa palabra que transforma e coa lingua que nos constrúe. *Re-versos* é un convite a mirar onde outros pasan de largo, a buscar o reverso da realidade para atopar novas formas de habitar o presente, coa arte como verso que permanece. Queremos que este certame sexa un espazo de liberdade e reflexión crítica, un vehículo para os sonhos e a memoria que poña en valor a potencia creativa do galego. En Santa Comba cremos na literatura como lugar onde o íntimo se fai compartido e onde cada texto é un descubrimento capaz de cambiar a nosa percepción do que nos rodea. A arte da palabra toma o verso, a escrita o reverso do que nos atrevemos a soñar e narrar.

PREÁMBULO: UN LUGAR PARA A CREACIÓN

O Concello de Santa Comba convoca o **I Certame Literario Re-versos: Relatos e Versos**, baixo a premisa de que escribir é, esencialmente, un acto de liberdade. Este certame non busca só premiar a técnica, senón celebrar a literatura como un instrumento de cohesión social e un motor de pensamento crítico.

Nun mundo acelerado, *Re-versos* propón un alto no camiño para reivindicar o poder da palabra escrita. Unha convocatoria aberta ao diálogo entre xeracións, onde o relato e o

verso se converten en pontes de descubrimento. Este documento establece un marco regulamentario para que a creación literaria en galego sexa a protagonista absoluta, garantindo un espazo desde o arte e a cultura para que o talento, dende a infancia ata a madurez, atope a súa voz e o seu reverso.

1. OBXECTO

Coa finalidade de promover a creación literaria e a escritura, estas bases teñen como obxecto regular o *I Certame Literario Re-versos: Relatos e Versos*, convocado polo Concello de Santa Comba, tanto no referente a establecer os requisitos de participación e presentación das obras, como no que se refire a todas as cuestións relativas á concesión dos premios.

O certame está concibido para promover a creación artística en lingua galega, poñendo en valor tanto o relato breve como a poesía como vehículos de reflexión, creatividade, crítica e memoria. O nome do certame, *Re-versos*, actúa como o eixo central da convocatoria, xogando coa dualidade de volver ao verso como forma de expresión e a necesidade de explorar o reverso das cousas: aquilo que habita detrás do aparente. A través deste concepto, o concurso busca que a literatura funcione como un instrumento de cohesión social e un vehículo de soños e descubrimentos, onde a palabra escrita permita darlle a volta á realidade, cuestionala e transformala mediante a creatividade.

2. PARTICIPANTES, IDIOMA E TEMÁTICA, REQUISITOS E INCOMPATIBILIDADES

Poderá participar no *I Certame Re-versos: Relatos e Versos*, en réxime de concorrencia competitiva, calquera persoa física maior de seis anos que presente textos orixinais e inéditos, que non foran premiados nin seleccionados noutros certames ou concursos, nin estean pendentes de fallo noutras convocatorias. Co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades, cada persoa participante poderá presentar como máximo unha obra e concursar nunha única modalidade e categoría, acorde coa súa idade no momento do peche do prazo.

Permitiranse escritos en prosa (relato breve) ou verso (poesía), atendendo á modalidade na que se concurse. Todos os textos presentados deberán estar redactados necesariamente en lingua galega, respectando con carácter xeral a normativa vixente establecida pola Real Academia Galega. Non obstante, no marco da liberdade creativa que promove este certame, aceptaranse obras que incorporen variedades dialectais, formas propias da fala ou innovacións lingüísticas, sempre que estas teñan unha

finalidade artística, contribúan a expandir a creatividade do texto ou procuren unha adaptación estética á linguaxe oral.

A temática e o contido das obras, así como a súa forma, será libre, segundo a escolla das persoas participantes, véndose igualmente suxeita aos requisitos de formato e presentación especificados nestas bases. Non obstante, o espírito do certame convida a explorar o concepto *Re-versos* dende calquera das súas acepcións creativas: a mirada cara ao reverso da realidade, a volta á esencia da palabra ou o descubrimento do que permanece oculto.

Toda persoa que presente a súa obra garante a súa autoría e asegura que o texto é orixinal e que non constitúe copia nin modificación de ningunha obra ou parte de obra allea. As persoas participantes responderán persoalmente da lexítima titularidade e orixinalidade da obra nos termos aos que se refire o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

As persoas que resulten gañadoras deberán entregar obrigatoriamente os textos en formato dixital para a súa posterior publicación. A presentación a este certame supón a aceptación e o cumprimento da totalidade de requisitos e obrigas establecidas nas presentes bases.

As persoas participantes terán, ademais, que ter en conta os seguintes requisitos e incompatibilidades:

- **Unicidade.** Só se poderá participar cunha única obra por autor ou autora.
- **Orixinalidade e plaxio.** Non se admiten traducións nin adaptacións de ningún tipo. As persoas participantes fanse responsables de calquera vulneración dos dereitos de propiedade intelectual.
- **Garantía de inédito.** A obra non poderá ter sido publicada en ningunha plataforma dixital (blogs, redes sociais, webs de autoría) nin en formato físico antes do fallo do xurado. A publicación previa da obra invalidará a participación.
- **Intelixencia artificial.** Co obxectivo de protexer a creación humana, non se admitirán textos xerados total ou parcialmente mediante ferramentas de intelixencia artificial.
- **Valores e integridade.** Non se admitirán obras que promovan calquera tipo de discriminación por razón de nacemento, orixe, sexo, orientación sexo-afectiva, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, garantindo o máximo respecto á diversidade e aos dereitos fundamentais.

- **Obrigas tributarias.** Non poderán optar á concesión de premios aquelas persoas que non se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Santa Comba.
- **Exclusión.** Quedarán excluídas as obras presentadas fóra de prazo ou que non respecten os formatos técnicos esixidos nestas bases.

3. MODALIDADES E CATEGORÍAS

Coa intención de fomentar de xeito equilibrado a creación tanto en prosa como en verso, o certame estrutúrase en dúas modalidades. En cada unha delas establécense tres categorías en función da idade das persoas participantes, co obxectivo de recoñecer o talento en cada etapa do desenvolvemento creativo.

Modalidade A: Relato breve

Categoría A1 Infantil: De 6 a 12 anos (inclusive).

Categoría A2 Xuvenil: De 13 a 17 anos (inclusive).

Categoría A3 Adultos: De 18 anos en adiante.

Modalidade B: Poesía

Categoría B1 Infantil: De 6 a 12 anos (inclusive).

Categoría B2 Xuvenil: De 13 a 17 anos (inclusive).

Categoría B3 Adultos: De 18 anos en adiante.

Ámbito de participación. Dada a vocación de fomento da cultura local combinada coa apertura a novas voces, establécense os seguintes criterios de participación por categorías:

Categorías A1, A2, B1 e B2. Poderán participar unicamente as persoas residentes ou escolarizadas no Concello de Santa Comba. No caso de escolares, os centros educativos poderán actuar como colaboradores facilitando a remisión dos textos ao Departamento de Cultura do Concello.

Categorías A3 e B3 (adultos). A participación será libre e aberta a calquera persoa física, con independencia do seu lugar de residencia ou nacemento.

Referencia de idade. Para o cómputo da idade en calquera das categorías, establecerase como data de referencia o día no que remate o prazo de admisión de obras da convocatoria anual correspondente.

4. ORIXINALIDADE, CARÁCTER INÉDITO E AUTORÍA

4.1. Requisitos de orixinalidade

As obras presentadas deberán ser, baixo a exclusiva responsabilidade da persoa autora, orixinais e rigorosamente inéditas. Non se admitirán textos que foran publicados previamente en soporte físico ou dixital (incluíndos blogs ou redes sociais), nin aqueles que resultaran premiados noutros certames con anterioridade ou durante o proceso de resolución deste concurso.

4.2. Detección de plaxio e uso de tecnoloxías

O certame aposta pola creación literaria humana e o pensamento crítico. En consecuencia:

- A detección de plaxio, total ou parcial, suporá a exclusión automática.
- Non se admitirán obras xeradas mediante ferramentas de intelixencia artificial sen que exista unha intervención creativa humana que fundamente a calidade estética e intelectual esixida nestas bases.

4.3. Garantía de autoría

O incumprimento de calquera destes requisitos en calquera fase do certame, incluso tras a entrega do premio, facultará ao Concello de Santa Comba para anular a distinción e esixir a devolución das contías económicas e exemplares entregados.

5. EXTENSIÓN E FORMATO

As obras deberán axustarse aos seguintes requisitos de extensión e formato, adaptados á natureza de cada modalidade e categoría:

Modalidade A: Relato breve

A1 (infantil). Extensión mínima de 1 páxina e máxima de 3. Admítense orixinais manuscritos (con letra perfectamente lexible) ou en formato impreso/dixital.

A2 (xjuvenil). Extensión mínima de 2 páxinas e máxima de 5. Formato impreso ou dixital.

A3 (adultos). Extensión mínima de 3 páxinas e máxima de 8 páxinas. Formato impreso ou dixital.

Modalidade B: Poesía

En calquera das categorías desta modalidade, as persoas participantes poderán utilizar o verso libre ou calquera outra técnica expresiva e estética que a poética contemporánea permita.

B1 (infantil). Extensión mínima de 8 versos e máxima de 40. Admítense orixinais manuscritos (con letra perfectamente lexible) ou en formato impreso/dixital.

B2 (xjuvenil). Extensión mínima de 20 versos e máxima de 80. Formato impreso ou dixital.

B3 (adultos). Extensión mínima de 30 versos e máxima de 120 versos. Poderá presentarse un único poema ou unha colección de poemas, sempre que se respecte o cómputo total de versos. Formato impreso ou dixital.

Requisitos técnicos de presentación

Con excepción das categorías infantís (A1 e B1) que opten pola entrega manuscrita, todos os traballos deberán presentarse conforme ás seguintes especificacións técnicas:

- **Papel, maquetación e formato.** O traballo presentarase en tamaño DIN A4, escrito a unha soa cara, cun interlineado de 1,5, texto xustificadeo e marxes de 2,5 cm. No caso de envío por medios telemáticos, o arquivo deberá presentarse obrigatoriamente en formato PDF para garantir que a maquetación orixinal non sufra alteracións.
- **Numeración.** As páxinas deberán estar numeradas correlativamente, situando o número no marxe inferior dereito.
- **Encabezado técnico.** Na esquina superior dereita de todas as páxinas figurará o título da obra e o pseudónimo nun corpo de letra reducido (Times New Roman, 10 pt), como medida de control técnico durante a avaliación.
- **Inicio da obra.** Na primeira páxina, o título completo da obra aparecerá centrado na parte superior cun tamaño de 14 pt e en negrita. Inmediatamente debaixo, o pseudónimo figurará tamén centrado en 12 pt.
- **Corpo do texto.** Letra Times New Roman, corpo 12. No caso de textos manuscritos, os datos de identificación (título e pseudónimo) deberán constar con total claridade no inicio do traballo.
- **Anonimato.** En ningún caso aparecerá o nome ou apelidos do autor ou autora no corpo da obra nin no nome dos arquivos dixitais. Calquera marca ou metadato que permita a identificación da persoa participante antes do fallo do xurado será motivo de exclusión.

6. MODO DE ENVÍO E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

O prazo para a presentación das obras comezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e permanecerá aberto ata a data que se determine na convocatoria anual correspondente. As obras poderán presentarse de dous xeitos:

A) Presentación por medios electrónicos (recomendado)

O envío realizarase a través dun único correo electrónico á dirección cultura@santacomba.es, indicando no asunto obrigatoriamente: **I Certame Re-versos – [Categoría na que participa]**.

Neste correo deberán achegarse **dous arquivos independentes en formato PDF**, nomeados segundo o seguinte exemplo (supoñendo que a obra se titula "A Lúa", o pseudónimo é "Estrela" e participa na categoría A3):

- **Arquivo coa Obra.**

Nomeado como REVERSOS_CATEGORIA_TITULO_PSEUDONIMO.pdf.

(Exemplo: REVERSOS_A3_A_LUA_ESTRELA.pdf).

Este documento conterá exclusivamente o texto literario, garantindo o anonimato conforme ao punto 4 destas bases.

- **Arquivo coa Plica.**

Nomeado como PLICA_REVERSOS_CATEGORIA_TITULO_PSEUDONIMO.pdf.

(Exemplo: PLICA_REVERSOS_A3_A_LUA_ESTRELA.pdf).

Este documento conterá os datos identificativos detallados no apartado C.

B) Presentación en formato físico (Presencial ou Correo Postal)

Poderanse entregar os traballos no *Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba* ou envialos por correo postal á seguinte dirección: *Concello de Santa Comba, Praza do Concello 1, 15840 Santa Comba (A Coruña)*. **Utilizarase o sistema de sobre pechado:**

- **Sobre grande.** Indicará no exterior: I Certame Re-versos – [Categoría na que participa]. No seu interior incluírase a obra por triplicado (asinada con pseudónimo) e o sobre pequeno da plica.
- **Sobre da plica (sobre pequeno pechado).** No exterior figurará o título da obra e o pseudónimo. No seu interior incluíranse os datos persoais e a documentación detallada no apartado C.

C) Datos identificativos e documentación obrigatoria

Segundo a categoría, a plica deberá conter a seguinte información:

Categorías Infantís e Xuvenís (A1, A2, B1, B2). Título da obra, pseudónimo, nome e apelidos, idade, enderezo postal, teléfono de contacto e o nome do centro educativo onde cursa os seus estudos. Deberá achegarse obrigatoriamente o Anexo I (autorización de menores) asinado pola nai, pai ou titor/a legal, incluíndo os datos completos deste.

Categorías de Adultos (A3, B3). Título da obra, pseudónimo, nome e apelidos, DNI, enderezo postal, teléfono de contacto, correo electrónico e, de xeito opcional, a profesión ou ocupación actual (para fins biográficos e de perfil de autor/a).

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a admisión das obras comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria correspondente no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

Duración. O prazo de presentación permanecerá aberto durante 60 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

Data de peche. Para os envíos telemáticos (correo electrónico), a data e hora límite serán as 23:59 horas do último día do prazo.

Envíos postais. No caso de traballos enviados por correo postal, considerarase como data de presentación a que figure no selo de correos, que deberá estar dentro do prazo establecido.

Admisión. Non será admitida ningunha obra que sexa presentada ou enviada fóra do prazo indicado.

8. XURADO E FALLO

8.1. Composición e perfil do xurado

A Concellaría de Cultura designará un xurado por un mínimo de cinco persoas de demostrada obxectividade e recoñecido prestixio no ámbito das letras e a cultura. A súa composición articularase a través de perfís cunha traxectoria consolidada na creación literaria, a arte, a edición, a educación ou a ensinanza, podendo integrar

tamén de xeito orgánico a figuras de referencia vinculadas activamente ao tecido cultural local.

A designación deste órgano responde á firme vontade de contar cun xurado de máxima calidade que fundamente as súas decisións en principios literarios, estéticos e creativos. Procurarase un órgano capaz de identificar a excelencia na escrita tendo en conta o pensamento crítico e a innovación, premiando aquelas obras que destaquen pola súa profundidade e pola súa capacidade de achegar novas linguaxes e olladas, tanto na forma como no fondo.

8.2. Criterios de valoración e rigor literario

As obras serán avaliadas tendo en conta a técnica literaria, a calidade estética e da escritura, a creatividade, a orixinalidade, a profundidade e o nivel de innovación ou posta en valor da lingua ou da creación literaria que poidan aportar. O proceso de avaliación rexerese por principios de estrita calidade artística. Como guía, pero seguindo unha estrita independencia de criterio e valoración obxectiva, o xurado aplicará os seguintes eixes de análise para fundamentar o seu ditame:

- **Calidade técnica e solvencia literaria.** Analizarase o dominio da linguaxe, o impacto estilístico, a riqueza léxica e a solidez na construción das estruturas narrativas ou poéticas.
- **Orixinalidade e innovación estética.** Valorarase especialmente a singularidade da voz propia e a capacidade para ofrecer perspectivas innovadoras que fuxan de fórmulas convencionais e tópicos recorrentes.
- **Pensamento crítico e forza expresiva.** Terase en conta a profundidade da obra, a súa coherencia interna e a súa potencia como unha contribución significativa e transformadora.

8.3. Procedemento, autonomía e facultades

O xurado disporá de plena autonomía e contará co tempo oportuno e axeitado para unha lectura pausada e un ditame rigoroso, garantindo un análise pormenorizado de cada obra. As súas decisións serán inapelables e terá as seguintes facultades:

- Outorgar os premios e as mencións de honra que considere oportunas en cada categoría.
- Declarar desertos os premios se considera que ningunha das obras reúne os méritos de calidade e excelencia literaria suficientes.
- Actuar como órgano selector para a publicación oficial con ISBN. O xurado determinará, baixo criterios de excelencia e sen un límite numérico

preestablecido, que textos posúen o valor literario necesario para integrar a edición impresa de cada edición do concurso *Re-versos*.

8.4. Comunicación do fallo e comparecencia obrigatoria

O fallo do xurado será notificado de xeito persoal e privado a todas as persoas que resulten premiadas ou seleccionadas.

A percepción da dotación económica e a entrega do diploma oficial estarán vencelladas á asistencia da persoa gañadora á cerimonia oficial de entrega de premios que o Concello de Santa Comba organizará para tal fin.

A incomparecencia inxustificada suporá a renuncia ao premio e á súa contía económica. En casos de forza maior, debidamente acreditados e comunicados con antelación, a organización poderá autorizar a representación por terceiras persoas, previa aceptación polo Concello de Santa Comba.

9. PREMIOS E PUBLICACIÓN

9.1. Dotación económica por modalidades

O *I Certame literario Re-versos, Relatos e Versos* repartirá entre as persoas gañadoras premios en metálico e agasallos do volume impreso dotado de ISBN que recollerá os textos gañadores do certame, así como aqueles accésits que polo seu especial valor poidan estar considerados para aparecer na publicación.

Os premios e agasallos repartiranse entre as distintas categorías da seguinte maneira:

Relato breve

A3

Primeiro premio: 175 Euros e exemplar da publicación

Segundo premio: 100 Euros e exemplar da publicación

A2

Primeiro premio: 90 Euros e exemplar da publicación

Segundo premio: 50 Euros e exemplar da publicación

A1

Primeiro premio: 40 Euros e exemplar da publicación

Segundo premio: 20 Euros e exemplar da publicación

Poesía

B3

Primeiro premio: 175 Euros e exemplar da publicación

Segundo premio: 100 Euros e exemplar da publicación

B2

Primeiro premio: 90 Euros e exemplar da publicación

Segundo premio: 50 Euros e exemplar da publicación

B1

Primeiro premio: 40 Euros e exemplar da publicación

Segundo premio: 20 Euros e exemplar da publicación

9.2. Edición e rexistro bibliográfico

O Concello de Santa Comba procederá á edición impresa das obras galardoadas en ambas modalidades. Así mesmo, o xurado reserva para si a facultade de seleccionar, atendendo a criterios de calidade literaria, innovación e rigor creativo, aqueles textos que pola súa relevancia deban ser integrados na publicación en calidade de accésit.

A obra resultante contará co correspondente rexistro de ISBN, garantindo así a súa natureza de publicación profesional e a súa incorporación aos catálogos bibliográficos oficiais. A participación no certame implica a aceptación desta edición como parte esencial do recoñecemento outorgado.

9.3. Acto de entrega e acreditación

A concesión e abono dos premios económicos, así como a entrega dos diplomas e exemplares, quedarán supeditados á presenza obrigatoria das persoas premiadas no acto oficial organizado pola entidade convocante.

A falta de comparecencia inxustificada no día e hora sinalados pola organización considerarase unha renuncia expresa ao premio e aos seus dereitos derivados. En supostos de forza maior, debidamente acreditados, a organización poderá autorizar a delegación da asistencia, sempre que medie comunicación previa e aceptación por parte do Concello.

10. PUBLICACIÓN, PROPIEDAD INTELECTUAL E DEREITOS DE AUTOR

As obras gañadoras do certame, así como aquelas que se recoñezan como merecedoras de tal distinción polo seu especial valor literario, serán publicadas polo Concello de Santa Comba nun volume conxunto dotado de ISBN.

O consistorio resérvase o dereito de utilizar as obras seleccionadas para a súa publicación futura en antoloxías, recompilacións ou publicacións similares, citando sempre a súa autoría. Dita utilización non xerará obriga de abono de importes por dereitos de autoría, ao entenderse estes incluídos na edición das obras mediante a cesión da súa vertente patrimonial.

O exercicio destes dereitos rexeráse polos seguintes preceptos:

10.1. Facultades de edición e comunicación pública

O Concello de Santa Comba reserva para si os dereitos de edición sobre as obras presentadas ou premiadas, así como a facultade de efectuar actos de reprodución, distribución e comunicación pública das mesmas. Esta reserva inclúe especificamente a difusión en aberto a través de Internet, portais web institucionais e redes sociais das obras seleccionadas para os fins de divulgación cultural que lle son propios á administración municipal.

10.2. Garantía de autoría e exención de responsabilidade

As persoas participantes declaran baixo a súa responsabilidade que son as autoras únicas e orixinais das obras presentadas e que posúen a plena titularidade dos dereitos que ceden. O Concello de Santa Comba queda eximido de calquera responsabilidade ante reclamacións de terceiros derivadas da vulneración de dereitos de propiedade intelectual alleos, sendo dita responsabilidade exclusiva de quen asina e presenta a peza ao certame.

10.3. Mención obrigatoria en edicións alleas

No suposto de que os autores ou autoras decidan publicar pola súa conta os textos distinguidos con posterioridade á edición oficial municipal, quedarán obrigados a facer constar de xeito preceptivo a referencia ao premio ou distinción obtida no *I Certame Literario Re-versos: Relatos e Versos (Concello de Santa Comba)*.

11. OBRAS NON PREMIADAS E DESTRUCCIÓN DE ARQUIVOS

Co obxecto de garantir a protección da propiedade intelectual e a confidencialidade das persoas participantes, os arquivos correspondentes ás obras que non resulten premiadas nin seleccionadas para a súa publicación serán eliminados de xeito

definitivo. A eliminación, tanto dos rexistros informáticos como dos posibles soportes físicos, farase efectiva transcorridos 10 días naturais despois da celebración do acto oficial de entrega de premios.

Responsabilidade. Non se manterá correspondencia nin se procederá á devolución dos orixinais non seleccionados, polo que a organización declina calquera responsabilidade sobre os mesmos unha vez superado o citado prazo de seguridade.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES E SALVAGUARDA

12.1. Aceptación íntegra

O feito de participar neste certame supón a aceptación incondicional de todas as cláusulas contidas nestas bases. O incumprimento de calquera das condicións establecidas será motivo de exclusión automática da obra e, se fose o caso, da anulación do premio outorgado.

12.2. Resolución de imprevistos e interpretación

O Concello de Santa Comba, a través do seu Departamento de Cultura e en colaboración co xurado, queda facultado para resolver calquera situación ou incidencia non prevista nestas bases, así como para interpretar as dúbidas que poidan xurdir no seu desenvolvemento. As súas decisións serán inapelables e orientadas sempre a preservar o rigor literario do certame.

13. TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN

As persoas participantes poderán solicitar a información que precisen sobre o desenvolvemento e os resultados do certame. Dita información será facilitada a través do Departamento de Cultura do Concello de Santa Comba, que procederá a contestar coa maior celeridade e amplitude posibles, de conformidade coa normativa vixente en materia de transparencia pública e protección de datos de carácter persoal.

14. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (RGPD)

O Concello de Santa Comba, como responsable do tratamento dos datos persoais das persoas que participan no *I Certame Literario Re-versos, Relatos e Versos*, informa que estes serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril (GDPR), e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD).

14.1. Fins e lexitimación do tratamento

- **Xestión da participación.** Tramitación da inscrición e participación no certame de acordo coas presentes bases. A base xurídica é a execución dun contrato ou relación xurídica na que o interesado é parte (art. 6.1.b GDPR).
- **Promoción e difusión.** Dar a coñecer o evento e o seu fallo mediante a publicación do nome, apelidos e, se fose o caso, imaxe das persoas gañadoras ou seleccionadas nos medios de comunicación municipais. A lexitimación é o consentimento do interesado ao participar no certame (art. 6.1.a GDPR).
- **Comunicacións institucionais.** Envío de información relativa a futuras edicións do certame ou actividades culturais análogas organizadas polo Concello, sempre que medie consentimento do interesado (art. 6.1.a GDPR).

14.2. Conservación e comunicación

Criterios de conservación. Os datos non se conservarán durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. Cando xa non sexan necesarios, suprimiranse con medidas de seguridade axeitadas para garantir a anonimización ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos. Non se comunicarán os datos a terceiros sen o consentimento expreso do titular, salvo obriga legal.

14.3. Dereitos da persoa interesada interesado

As persoas participantes teñen dereito a:

- Retirar o seu consentimento en calquera momento.
- Exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como a limitación ou oposición ao seu tratamento.
- Presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

14.4. Datos de contacto para o exercicio de dereitos

Responsable: Concello de Santa Comba. Praza do Concello, 1 – 15841 Santa Comba (A Coruña).

Correo electrónico: correo@santacomba.es

Delegado de Protección de Datos (DPD): Ramón Santos Pérez (dpd@santacomba.es).



15. DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto nestas bases, o Concello de Santa Comba, a través do seu Departamento de Cultura e en consulta co xurado calificador, resolverá segundo o seu libre arbitrio en beneficio do obxectivo cultural do certame.

ANEXO I: Modelo de autorización para menores de idade

I CERTAME LITERARIO RE-VERSOS: RELATOS E VERSOS

DATOS DA PERSOA TITORA LEGAL (nai, pai ou titor/a):

- Nome e apelidos:

- DNI/NIE: _____
- En calidade de: (Nai, pai ou titor/a legal)

DATOS DA PERSOA MENOR PARTICIPANTE:

- Nome e apelidos:

- Idade e data de nacemento:

- DNI/NIE (se o tivese): _____

DECLARO:

1. Que autorizo a participación do/a menor arriba indicado/a no **I Certame Re-versos: Relatos e Versos**, organizado polo Concello de Santa Comba.
2. Que garanto que a obra presentada polo/a menor é orixinal, inédita e non foi xerada mediante ferramentas de Intelixencia Artificial.
3. Que acepto as bases que rexen este certame en todas as súas partes.
4. Que autorizo o tratamento dos datos de carácter persoal do/a menor e do titor/a cos fins exclusivos de xestión do concurso e, no caso de resultar premiado/a, a publicación do seu nome e apelidos nos medios de comunicación e redes sociais municipais.

En _____, a ____ de _____ de 2026

(Sinatura da persoa titora legal)